

## **ORDENANZA FISCAL Nº 6**

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE PROSPECCÍONS E GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA.**

#### **Artigo 1º.- Fundamento Legal**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Val do Dubra establece a taxa por apertura de prospeccions e gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

#### **Artigo 2º.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial pola apertura de prospeccions e gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública, así como a destrución ou deterioro do dominio público local.

#### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Así mesmo, terán tal condición de substitutos do contribuínte por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios dos ditos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

#### **Artigo 4º.- Responsables**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria,

así como os copartícipes ou cotitulares das entidades recollidas no artigo 33 da Lei xeral tributaria, que responderán en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias da entidade.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 5º.- Exencións, reducións e bonificacións**

Non se contemplan ningún tipo de exención, redución ou bonificación.

#### **Artigo 6º.- Cota tributaria**

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa que se determinará pola suma dos seguintes apartados:

- a) Epígrafe A): concesión de licenza
- b) Epígrafe B): aproveitamento da vía pública
- c) Epígrafe C): reposición de pavimento, sempre que a dita reposición non a realice a persoa autorizada. Se o efectuara a persoa autorizada, viría obrigada a aboar o 50 por 100 da tarifa deste epígrafe.
- d) Epígrafe D): indemnizacións por depreciación ou deterioro de pavimento.

#### **Epígrafe A) Concesión de licenza de obra na vía pública.**

CONCEPTOS	PESETAS	EUROS
<b>Número 1.</b> Por cada licenza para construír ou suprimir pasos de carruaxes ou para a apertura de calas ou gabias para reparación de avarías, novas acometidas, etc., cuxo ancho exceda dun metro.....		
	390pts/m2	2,34€m2

<b>Número 2.</b> Por cada licenza para construír ou reparar beirarrúas deterioradas polos particulares ou para apertura de calas ou gabias para reparación de avarías, novas acometidas, etc., ata un metro de ancho.....	140pts/m2	0,84€m2
---	-----------	---------

#### **Epígrafe B) Aproveitamento da vía pública.**

1. Para a fixación das cotas comprendidas neste epígrafe, as rúas do municipio clasifícanse en catro categorías.

2. Cando unha vía non apareza comprendida na dita clasificación, asignarase a última categoría.

3. As cotas esixibles en relación coa categoría da rúa onde as obras se realicen, que, como mínimo terán que alcanzar un importe de 1.000 pts. ( 6,01€), son as seguintes:

CONCEPTOS	CATEGORÍA CALLE			
	ZONA A	ZONA B	ZONA N	ZONA O
	Pts. / €	Pts. / €	Pts. / €	Pts. / €
Número 1.- Construír ou suprimir pasos de carruaxes, calquera que sexa o seu uso, por m2 ou fracción.	390 pts. 2,34 €	141 pts. 0,85 €	33 pts. 0,20 €	33 pts. 0,20 €
Número 2.- Construír ou reparar beirarrúas destruídas ou deterioradas polos particulares, por cada metro lineal ou fracción.	390 pts. 2,34 €	141 pts. 0,85 €	33 pts. 0,20 €	33 pts. 0,20 €
Número 3.-				
a) Apertura de calas para reparación de avarías producidas en canalizacións ou acometidas de gas, electricidade, atarxeas, etc., por metro lineal ou fracción e día	390 pts. 2,34 €	141 pts. 0,85 €	33 pts. 0,20 €	33 pts. 0,20 €
b) Apertura de calas para reparación de avarías producidas en canalizacións ou acometidas de gas, electricidade, auga, tendido de cables ou tuberías, colocación de rieis e postes, ou para suprimir as existentes como levantar cañerías, condear tomas de auga, etc., por metro lineal ou fracción e día.	390 pts. 2,34 €	141 pts. 0,85 €	33 pts. 0,20 €	33 pts. 0,20 €
c) Cando o ancho da cala ou gabia exceda dun metro incrementarase nun **** por 100 as tarifas consignadas nos dous apartados anteriores.	390 pts. 2,34 €	141 pts. 0,85 €	33 pts. 0,20 €	33 pts. 0,20 €

### Epígrafe C) Reposición ou construción e obras de sumidoiro.

As cotas esixibles, con independencia da categoría das rúas onde se realicen, son as seguintes:

CONCEPTOS	PESETAS	EURO
I.- LEVANTADO E RECONSTRUCCIÓN		
1. Beirarrúa, por cada m2 ou fracción	5.822	34.99

2. Bordo, por cada m2 ou fracción	1.764	10.60
3. Calzada, por cada m2 ou fracción	1.864	11.20
<b>II.- CONSTRUCCIÓN</b>		
1. Beirarrúa, por cada m2 ou fracción	7.922	47.61
2. Bordo, por cada m2 ou fracción	1.764	10.60
3. Calzada, por cada m2 ou fracción	2.100	12.62
<b>III.- MOVEMENTOS DE TERRAS</b>		
Por cada metro cúbico	638	3.83
<b>IV.- VARIOS</b>		
1. Arquetas, por cada m2 ou fracción	6.171	37.09
2. Sumidoiros, por metro lineal ou fracción	17.561	105.54
3. Pozos de rexistro, por cada metro ou fracción	1.864	11.20
4. Por supresión de árbores, por metro ou fracción de perímetro de tronco a un metro de solo	638	3.83
5. Por supresión ou desprazamento de farolas, por metro lineal de supresión ou desprazamento	5.000	30.05
6. Outros, por cada metro lineal, cadrado, cúbico ou fracción, segundo os casos	2.863	17.21

#### **Epígrafe D) Depreciación ou deterioro da vía pública.**

A cantidade resultante de aplicar o dez por cento aos valores dos distintos apartados do epígrafe C).

#### **Artigo 7º.- Devengo**

A taxa devengarase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, momento que, para estes efectos, se entende que coincide co de concesión da licenza, se esta foi solicitada.

Sen prexuízo do previsto no punto anterior, será preciso depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para proceder á autorización do aproveitamento especial mencionado.

Cando se produciu o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licenza, o devengo da taxa terá lugar no momento do inicio deste aproveitamento.

#### **Artigo 8º.- Período impositivo**

O período impositivo é o tempo durante o cal se efectuou o goce do aproveitamento especial.

### **Artigo 9º.- Liquidación, Recadación, Xestión**

1. De conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, e co fin de garantir en todo caso os dereitos da Administración, toda solicitude sen licenza para que poida ser admitida a trámite, deberá acompañarse dun xustificante do depósito previo desta taxa.

2. A liquidación do depósito previo practicarase tendo en conta os datos formulados polo interesado.

3. O depósito provisional non causará ningún dereito e non faculta para realizar as obras, que so poderán levarse a cabo cando se obteña a licenza.

4. A liquidación practicada conforme ás normas anteriores elevarase a definitiva unha vez que recaia resolución sobre a concesión da licenza, e se esta fora denegada, o interesado poderá instar a devolución do depósito constituído.

5. Consideraranse caducadas as licenzas se despois de concedidas transcorren trinta días sen ter comezado as obras. Unha vez iniciadas estas, deberán continuar sen interrupción.

6. Cando se trate de obras que deban executarse inmediatamente polos graves prexuízos que a demora puidera producir (fugas de gas, fusión de cables, etc.) poderán iniciarse as obras sen obter a autorización municipal, coa obriga de solicitar a licenza dentro das vinte e catro horas seguintes ao comezo destas e xustificar a razón da súa urxencia.

7. Cando non se trate de apertura de prospeccións para a conexión de auga, a reparación do pavimento ou terreo removido será, en todo caso, do exclusivo cargo e conta de quen se beneficiara deles. En garantía de que o interesado proceda á perfecta reparación daqueles, para poder tramitar a solicitude deberá acreditar o ter constituído a correspondente fianza. Se a garantía constituída no fora suficiente para cubrir o montante das obras a executar, o interesado aboará a diferenza conforme á conta que formule o técnico municipal.

8. O recheo ou macizado de gabias e a reposición do pavimento realizarase polo Concello ou, cando este o considere oportuno, polo concesionario, debendo facerse constar neste último caso a dita circunstancia no documento de licenza que resultase preciso utilizar.

9. No caso de que, efectuada a reposición do pavimento polo concesionario da licenza, os Servizos municipais estimen, previas as comprobacións pertinentes, que as obras non se realizaron de acordo coas esixencias técnicas correspondentes, o Concello podrá proceder ao derrubamento e nova construción das obras defectuosas, vindo obrigado o

concesionario da licenza a satisfacer os gastos que se produzan polo derrubamento, recheo de gabias e nova reposición do pavimento.

10. A Sección Técnica municipal correspondente comunicará á Intervención Municipal o prazo concedido, en cada caso, para a utilización da calicata. Se transcorrido o prazo autorizado continuara aberta esta, ou non quede totalmente reparado o pavimento e en condicións de uso normal, liquidaranse novos dereitos, de conformidade coa tarifa, sen prexuízo das sancións que poidan impoñerse pola Alcaldía.

#### **Artigo 10.- Infraccións e sancións**

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a completen e desenvolvan.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal derroga a Ordenanza fiscal N°6, reguladora do prezo público por apertura de prospeccións e gabias en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento e beirarrúas na vía pública, aprobada polo Pleno de data 28 de setembro de 1989. Entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**DILIXENCIA.-** A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello de Val do Dubra o día \*\* de \*\*\* de 1998.

O ALCALDE.

O SECRETARIO.